

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

- 2149** *Real decreto 40/2019, do 1 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 184/2015, do 13 de marzo, polo que se regulan o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde e o procedemento da súa actualización, para incorporar as categorías profesionais correspondentes ao persoal sanitario técnico superior.*

O Real decreto 184/2015, do 13 de marzo, que regula o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde e o procedemento da súa actualización, recolle a maioría das categorías profesionais de persoal estatutario que foron creadas polos servizos de saúde, de conformidade co artigo 15.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Ademais, recolle un catálogo homoxéneo onde se establecen as equivalencias das categorías profesionais dos distintos servizos de saúde que serve para facilitar a mobilidade dos profesionais no Sistema nacional de saúde, facendo efectiva a garantía de mobilidade en todo o territorio nacional recollida no artigo 43 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e no artigo 37.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro.

Este real decreto ten por obxecto recoller no catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías de persoal estatutario da área sanitaria de formación profesional tanto as antigas categorías denominadas técnico especialista, que requirían a titulación de formación profesional de segundo grao, como as actuais, denominadas técnico superior, que requiren a titulación de formación profesional de grao superior, en virtude das sentenzas número 506/2017 e 507/2017, do 23 de marzo, ditadas pola Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, que anulou as categorías de técnico grupo C1, denominación técnico superior especialista, nas denominacións que figuran no anexo do Real decreto 184/2015, do 13 de marzo.

Ademais, é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, resulta acorde cos principios de necesidade e eficacia ao dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, segundo o cal se encomenda ao entón Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a aprobación dun catálogo homoxéneo onde se establecesen as equivalencias das categorías profesionais dos servizos de saúde e así garantir a mobilidade deste persoal en todo o territorio nacional, e co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, e, igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, posto que resulta plenamente coherente co ordenamento xurídico nacional ao desenvolver adecuadamente as previsións legais vixentes dirixidas á garantía da expresada mobilidade do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Con respecto ao principio de eficiencia, este real decreto completa o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais dos servizos de saúde coa inclusión das correspondentes ao persoal sanitario técnico superior grupo C1. Así pois, o dito catálogo supón unha ferramenta fundamental de cohesión e racionalización dos procesos de mobilidade no Sistema nacional de saúde.

En cumprimento do principio de transparencia, o proxecto foi sometido ao trámite de consulta pública previa, aos trámites de audiencia e información pública, así como a consulta das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla. Igualmente, emitiron informe sobre el o Comité Consultivo e o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema

Nacional de Saúde, así como o Pleno da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde e o Foro Marco para o Diálogo Social.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida nos artigos 15.2 e 37.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, que determinan que corresponde ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social a aprobación dun catálogo homoxéneo onde se establecerán as equivalencias das categorías profesionais dos servizos de saúde e, en virtude da competencia exclusiva que o artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución española, atribúe ao Estado en materia de bases do réxime estatutario do persoal incluído no seu ámbito de aplicación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, coa aprobación previa do artigo 26.5, parágrafo quinto, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 184/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde e o procedemento da súa actualización.*

Modifícase o Real decreto 184/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde e o procedemento da súa actualización, que queda redactado nos seguintes termos:

Un. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Mobilidade entre as categorías de referencia e categorías de equivalencia no suposto de varias especialidades.*

1. O acceso por mobilidade ás categorías de referencia require que a persoa interesada estea encadrada, na especialidade ou categoría específica en que teña o nomeamento como persoal estatutario fixo, tendo en conta as equivalencias que se establecen para cada unha delas.

2. As prazas concretas que oferte cada servizo de saúde que promova a convocatoria deberanse describir e enumerar nunha das categorías sobre as cales se estableza, de modo que non se poida producir, en ningún caso, o acceso dunha especialidade á doutra.

3. Nas categorías de referencia en que existan varias especialidades nas categorías equivalentes, deberá atenderse á titulación e especialidade concreta de cada profesional.

Nestas categorías equivalentes que comparten a denominación xenérica na categoría de referencia só poderá optarse por mobilidade á categoría equivalente da mesma especialidade e titulación de acceso á categoría en que se ten o nomeamento estatutario fixo.»

Dous. Engádesse un parágrafo introdutorio no anexo, que precederá ao cadro onde se recollen os distintos grupos de clasificación profesional do persoal estatutario dos servizos de saúde, coas distintas categorías profesionais de referencia e equivalentes que desempeñan, que terá o seguinte enunciado:

«O cadro de equivalencias que se insire a continuación indica, respecto a cada clase do persoal estatutario do Sistema nacional de saúde: o grupo da clasificación profesional (G.C.P.) que lle corresponde; a denominación unitaria baixo a cal, en diante e a nivel estatal, se coñecerán as categorías profesionais que o conforman (categorías de referencia); e os diversos nomes que os servizos de saúde outorgaron a cada categoría profesional de referencia (categorías de equivalencia).

As chamadas categorías de referencia engloban, polo tanto, todos os membros do persoal estatutario do Sistema nacional de saúde que, baixo denominacións diversas, desempeñan funcionalmente tarefas e labores similares, en postos para cuxo acceso se requiren as mesmas exixencias de titulación, cualificación e outros requisitos de competencia e capacitación profesional, nos diferentes servizos de saúde.»

Tres. Introdúcese no anexo, dentro do cadro de grupos de clasificación profesional do persoal estatutario dos servizos de saúde, e as súas distintas categorías profesionais de referencia e equivalentes, entre as clasificacións de persoal estatutario relativas ao persoal diplomado sanitario (LOPS), grupo A2, e ao persoal sanitario técnico, grupo C2, unha táboa relativa ao persoal sanitario técnico grupo C1, que engloba as seguintes categorías profesionais da área sanitaria de formación profesional de grao superior:

«G.C.P.	Clasificación de persoal estatutario	Denominación da categoría de referencia	Categorías equivalentes
C1	P. SANITARIO TÉCNICO	TÉCNICO/A SUPERIOR EN	TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE MEDICINA NUCLEAR / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE RADIODIAGNÓSTICO / HIXIENISTA DENTAL / HIXIENISTA DENTAL DA ÁREA / HIXIENE DENTAL / PRÓTESE DENTAL / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE LABORATORIO / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DOSIMETRISTA / TÉCNICO/A EN ORTOPEDIA / TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN LOGOFONIATRÍA / TÉCNICO/A ESPECIALISTA SANITARIO EN / TÉCNICO ESPECIALISTA EN:
		ANATOMÍA PATOLÓXICA E CITODIAGNÓSTICO	ANATOMÍA PATOLÓXICA / TÉCNICO ANATOMÍA PATOLÓXICA E CITOLOXÍA
		AUDIOLOXÍA PROTÉSICA	AUDIOLOXÍA PROTÉSICA
		DIETÉTICA E NUTRICIÓN	DIETÉTICA / DIETÉTICA E NUTRICIÓN / NUTRICIÓN E CONTROL DOS ALIMENTOS
		DOCUMENTACIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	DOCUMENTACIÓN SANITARIA
		HIXIENE BUCODENTAL	HIXIENE BUCODENTAL / HIXIENE DENTAL
		IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO E MEDICINA NUCLEAR	IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO / RADIODIAGNÓSTICO / TÉCNICO PROTECCIÓN RADIOLÓXICA / MEDICINA NUCLEAR
		LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO E BIOMÉDICO	LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO
		ÓPTICA DE ANTEOLLARÍA	ÓPTICA DE ANTEOLLARÍA
		ORTOPROTÉSICA	ORTOPROTÉSICA
		PRÓTESES DENTAIS	PRÓTESES DENTAIS / PRÓTESE DENTAL
		RADIOTERAPIA E DOSIMETRÍA	RADIOTERAPIA
		SAÚDE AMBIENTAL	SAÚDE AMBIENTAL.»

Catro. Suprímese a nota final do anexo.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social,  
MARÍA LUISA CARCEDO ROCES